

## A CIG-Ensino demanda da Consellaría e das OO.SS. asinantes do actual acordo valentía para garantir a estabilidade do persoal interino

### Modificación do acordo de persoal interino

Na Mesa Sectorial na que se tratou a Oferta de Emprego Público do 2018 e o propio texto da convocatoria, a Consellaría presentou un texto para unha modificación puntual do acordo de persoal interino que só tiña como finalidade solventar un problema na xestión das listas de diferentes especialidades unha vez que se convoca por vez primeira o proceso selectivo dunha delas (ORGANIZACIÓN E XESTIÓN COMERCIAL) e ante a previsión de que se podan convocar outras no futuro (PROCESOS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA, OPERACIÓNS DE PROCESO), xa que a redacción do texto actual supoñía deixar fóra das listaxes das especialidade convocadas por primeira vez ás persoas que viñeron impartindo esa especialidade desde outra listaxe (ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS, PROCESOS COMERCIAIS e LABORATORIO).

A CIG-Ensino sempre defendeu que o profesorado que traballou nunha especialidade tivese garantido o posto nela e nestes casos, por tanto, o profesorado das especialidades xa existentes teñen dereito a consolidar o posto na nova listaxe, cumprindo co requisito de se presentar a algún proceso selectivo, ben da súa propia especialidade e corpo ou a outra calquera, mesmo fóra de Galiza.

Na aclaración feita pola Consellaría despois da intervención da CIG-Ensino, quedou claro que tanto a Administración como os demais sindicatos están de acordo en que nestes caso non abondará para quedar na lista con presentarse a un proceso selectivo senón que haberá que facelo obrigatoriamente á especialidade. Así, neste ano 2018 o persoal interino de ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS que queira gardar o posto que agora ten na súa especialidade na nova de ORGANIZACIÓN E

XESTIÓN COMERCIAL deberá presentarse a esta especialidade.

#### A estabilidade pendente

O principal problema que presenta desde sempre o actual texto sobre persoal interino é que non dá o paso decisivo que lle falta: estender a estabilidade ao persoal interino, nomeadamente a aquelas persoas con antigüidade nas listas ou ben cunha idade superior a 55 anos. Foron os motivos que nos levaron, logo das grandes mobilizacións do colectivo de hai unha década nas que a CIG-Ensino xogou un papel fundamental, a non apoiar o texto actual.

As únicas modificacións que se produciron nestes anos foron, como as presentes, para solucionar erros do propio texto ou para adaptalo á xurisprudencia. Non só non houbo ningún avance nos dereitos do profesorado interino senón todo o contrario: malia figurar no acordo o pagamento do verán a quen teña traballado 5 meses e medio a Xunta segue sen restituír ese dereito.

A CIG-Ensino amosou en reiteradas ocasións a súa dispoñibilidade a chegar a acordos neste ámbito sempre e cando se introduza na negociación unha proposta de estabilidade e o pago do verán. Cremos que a situación que se pode dar nestes próximos anos se non se dá estabilidade ao colectivo pode ser altamente preocupante. Poden ser moitas as persoas que perdan o seu posto de traballo como interinas, pasando a facer substitucións, mentres as actuais persoas substitutas engrosarían as listas do paro.

Nese camiño de defensa do persoal interino e substituto encontráronos. Fóra diso, non hai estabilidade para o colectivo que non supere o proceso selectivo.